



1441. UN ASASINATO EN ABEANCOS

CAPITULO I

Ocorreu mentres íamos pola pista (non chega a estrada) que vai dende a igrexa de Cazallas ata os Ánxeles, cando Dani pinchou a roda traseira da súa bicicleta de suspensión adiante e atrás. A verdade, todo lle pasa a el, hai que dicilo, acostumado, axiña se puxo a arraxala. Mentres nós, cando cansamos de mofarnos del, gabeamos uns metros polo monte até que atopamos unhas pedras apiñadas entre as silvas e os toxos. Eran unhas pedras labradas que sen dúbida formaron parte dalgunha construción, quizais de hai cincocentos anos, preto delas había o que foran no seu tempo unhas boas vigas de carballo.

Polo medio de aquela morea de pedra e madeira podrecida había uns cantos apeiros enferruxados e unha arca de madeira con esquinas de ferro. Picados pola curiosidade, abrímosa facendo panca cunha chave inglesa das que Dani estaba a usar no seu arranxo, e así descubrimos que só había no seu interior un manuscrito ben conservado. Tiña tapas de coiro e fora escrito polas mans dun monxe do século XV cando menos. Todos quedaron desilusionados; pretenderían atopar ouro ou algo así, as películas de aventuras inflúen moito, mais eu collino e metino na miña mochila, estudalo un pouco non podía estar de máis. Logo seguimos a inspeccionar o monte deica que Dani rematara o do seu pinchazo. Unha vez que acabou seguimos coa ruta



planeada para aquel día; se non lembro mal, fomos até Toques e subimos dende alí deica o parque eólico do Careón, pasando por Villamor, para volver polo Meire e aproveitar o bo tempo para darse un baño no río Furelos. Foi aquela noite, despois de cear, cando fun para o meu cuarto, aparteí o teclado e mais o rato e saquei o libro. Comecei a lelo, era sorprendente o seu estado de conservación, púideno ler todo con facilidade, agás as esquinas das últimas páxinas. Era un libro dos alguacís de Abeancos e contaba unha historia, unha historia desas de asasinatos e de misterio, desas que non che gustaría ter vivido, xa o di ese dito de que "a realidade supera sempre a ficción" e esta é unha historia real, non o dubides.

CAPITULO II

Era 1441 e en todo Abeancos se falaba do mesmo, tódolos labregos estaban sorprendidos e asustados polo porvir. Fora, sen dúbida, unha gran perda para eles, ela era a única das familias nobres en moitos ferrados á redonda que os respectaba e trataba por iguais, pero, en fin, non había nada que facer, pola tarde sería o enterro de dona Inés de Castro.

Foi unha morte estraña, inesperada, dona Inés era aínda nova e desprendía vitalidade a man chea, non se lle coñecía doenza ningunha, e un accidente tampouco fora.

- É unha mágoa ¿non si, Antón?

- Dende logo que o é, dona Inés era boa persoa, comprendía ao pobo, ao contrario que seu pai...

- Cala, oh. Que aínda que esteamos nun enterro, se te oe é capaz de te mandar apresar -reprochoulle en silencio-.

- ¿E quen o vai facer, Xoán? Nós somos os alguacís.

- Se cadra, a garda privada -contestoulle ironicamente, xa canso da súa actitude-. E cala, que imos nun funeral.

Sen dúbida era un dos enterros máis numerosos que recordaban os máis vellos de por aquí, se non o máis. Diante ía o señor bispo da diocese de Santiago de Compostela e ao seu carón todos os párrocos de Abeancos e arredores. Detrás marchaba a familia: o señor, don Fernando, a súa dona...e xusto a continuación, escoltada por moreas de gardas, a carroza de dona Inés de Castro. Era unha carroza desas luxosas, a máis luxosa que posuían os señores de Castro, cunha morea de madeiras nobres, carballo e castiñeiro as máis das veces, pintadas en dourado. Colgando levaba uns terciopelos vermellos-granate para a privacidade dos viaxantes que hoxe ían descubertos amosando o cadaleito que contiña a dona Inés, vestida



1441. UN ASASINATO EN ABEANCOS

coas mellores roupas para ir como unha princesa ao máis alá.

A verdade é que o feito de que dona Inés estivera chamada a posuír estas terras era estraño e excepcional. O seu irmán, don Carlos, fora por vontade propia ás guerras, xa se sabe don sentimento dos novos de querer comer o mundo, confiando en que se mantería como herdeiro de todas as propiedades do seu pai, como en todas as familias de ben. Mais chegaron ata

Abeancos rumores de que don Carlos morrera, e se os rumores cruzaron o Mediterráneo e a península, algo de verdade terían. Así, coñecendo o que se dicía, don Fernando decidiu deixar todo ben atado na súa familia e nomeou a dona Inés como herdeira de tódalas súas propiedades, aínda que lle carrexara mala prensa entre os nobres do lugar (¿onde se viu deixar de herdeiro a unha muller?).

Volvendo aos feitos, despois da carroza engalardoada ían, en primeira fila, os membros da nobreza próxima que acudiran, e para rematar, separados por unha barreira de gardas, marchaba o resto do pobo. Fora un dos enterros máis desoladores; mulleres do tódalas clases chorando... Os homes non, seica que eles nunca choran. Foi desta maneira como chegaron ao daquela chamado convento do Sancti Spiritus onde sería soterrada a señora, nun sartego ben a carón do altar (quen non mo crea pode ir alí e comprobar que non



minto).

CAPITULO III

Despois do enterro todos volveron ao seu sitio, como se non pasase nada, doutra maneira non poderían pagar os seus impostos, e esa non era boa idea... Así, os campesiños volveron aos campos, os ferreiros ás ferrerías, e os alguacís a vixiar. Cando xa se atoparon sós, Antón e Xoán comezaron a falar da morte da señorita e a contrastar opinións.

- Pois para min que iso foi de todo menos unha morte natural.

- Si, pode ser, non creo que dona Inés tivese algunha enfermidade nin nada semellante...

- Puido ser un accidente... caer pola escaleira, cortarse con algo, unha hemorraxia interna...

- Dubídoo, o corpo non tiña ningunha marca.

- Ningunha marca na cara, o resto do corpo non o vimos.

- Pois temos que velo, se cadra non foi nin unha morte

natural nin un accidente, e se non foi nada diso ou foi un suicidio ou un crime, e dona Inés

non tiña motivos para quitarse a vida...

E foi grazas a esta hipótese de Antón que decidiron marchar cara o convento, a falar co cura párroco e pedirle ver o cadáver. Pero loxicamente o crego negouse inamoviblemente, alegou que despois do enterro non se podía volver a sacar o corpo, ata definiu o acto como un sacrilexio e unha paganidade. Hoxe o curiña tería que calar, pero hai case seis séculos o poder da Igrexa non se podía comparar ao poder da xustiza. E aos alguacís non lles quedou máis remedio que calar e marchar por onde viñeran sen aclarar nada.

- Xa non teño dúbidas, foi un crime. Como e quen o fixo non o sei, pero matárona.

- ¿Cómo estás tan seguro?

- O cura suaba moito, ademais, se non nos deixou vela sería por algo.

- Non, non. Don Xosé é home



1441. UN ASASINATO EN ABEANCOS

de bo corazón. Non creo que sospeite nada.

- De tódalas maneiras, temos que sabelo. Hoxe á unha da noite agárdote na rúa de atrás, e non te retrases, que te coñezo. Temos que entrar alí e saber dunha vez o que pasou

CAPÍTULO IV

Aquela noite foi moi chuviosa, unha noite fría e sen lúa que fixo esmorecer até ás flores máis fermosas. Sen dúbida, non era unha noite para andar por aí, pero o deber era o deber. Os alguacís marcharon cara a igrexa, que nunca se pechaba (ninguén ousaría facer mal na casa de Deus), colleron dous fachos de lume e acercáronse á tapa, recén labrada, na que se vía a cara dunha fermosa muller. Quitárona e puideron observar o corpo. Inspeccionárono todo coidadosamente, non había rastro de violencia en ningures; nin coiteladas, nin buracos de frecha nin nada.

- ¿Velo? Ninguén a asasinou.

- Si, si que o fixeron, dona Inés foi envelenada.

- ¿Envelenada?-preguntou Xoán con moita curiosidade.

-Sí, fíxate na lingua, está azul, marca de que tomou veneno.

- E...¿quen o faría?

- Pois debeu de ser alguén a quen lle fixera algún mal. E moi mal a debía de querer, a morte producida pola ponzo-

ña que ela bebeu é moi cruel.

- Entón non foi ninguén do pobo. Eles apreciábana moito.

- Estou de acordo, pero agora vai ser mellor marchar, non vaia a ser...

E cando xa saían á praza viron a alguén cun facho na man que cando os viu botou a correr. Xoán e Antón perseguírono,



cada

un por un sitio, para intentar rodealo. O descoñecido correu cara o río Martagona ata que se considerou a salvo dos alguacís (enorme erro) e seguiu cara o río, pero agora andando. Os bos foron tras el, agochándose entre os toxos e as silveiras. Foi así como viron que entraba nunca especie de cabana a carón do río, e alí se quedaron os dous toda a noite, chovendo,

agardando a que abrise o día e entrar naquel refuxio, pero o sono venceunos e pola mañá, cando foron mirar na cabana, non había ninguén. Inspeccionaron a "casa" e viron algo que os sorprendeu: tiña unha armadura, espada, escudo, comida e moreas de ouro; e tamén estaba ela, alí, entre a carne fresca e algunhas botellas de viño.

Collérona e marcharon.

- ¿Vela? Aquí a tés, unha botella de ponzoña de víbora. A botella está, como podes ver, medio baleira. Este home matou a dona Inés.

- Pero ¿quen era?

- Amigo, iso non é fácil de saber.

Logo, Antón explicoulle a Xoán o seu plan. Farían gardas os dous, por quendas, gardas de seis horas a carón da cabana, e cando algún deles o vise saír, seguiríao a onde fose.

Pasaron tres días e o único que se achegou por alí foi un par de coellos.

Eran as sete da mañá, a hora do cambio, e cando xa se dispuñan a abandonar a investigación apareceu, meteuse na cabana e uns minutos despois saíu, loxicamente, seguírono. Con moita cautela foron tras el, dirixíase ao castelo de don Fernando.

- Por certo, ¿sabías que o señor botou a todo o seu servizo e que fai todo a súa ama de confianza?

- ¿Que botou a todo o mun-



1441. UN ASASINATO EN ABEANCOS

do?

- Si, é moi raro. Non imaxino por que o fixo.

- ¡Mira! Agora poderemos entrar no castelo.

Aproveitaron un desaxuste na vixilancia da fortaleza e coláronse dentro. Camiñaron polo patio cara o gran salón. Alí estaban, falando seriamente, pero sen discutir, don Fernando e don Carlos.

- ¿Qué tal te atopas hoxe, fillo?

- Non moi ben. Eses dous seguen a perseguirme e non estou cómodo. Seguro que saben de máis.

- Non sei. Aínda que saiban algo non o dirán, pola conta que lles trae.

- ¿E logo? Ti non es o seu superior.

- Certo, pero se din algo saben que podo converter a súa vida no mesmo inferno, e tamén saben que son moi capaz de facelo.

- Pensándoo ben teñen razón, eu matei a miña irmá, pero...-nestes intres xa comezaba a derrubarse- inon sei como o puiden facer! ¡Son un miserable e un noxento asasino!

- Tranquilo fillo, débíalo facer, non podías permitir que unha muller ocupase o teu posto. Antón e Xoán xa oíran de abondo: tiñan que apresar ao asasino e ao seu cómplice, pero era imposible usar a forza, a garda do señor era inmensa en comparanza con eles dous, e polas boas non era moi probable que se entregasen. Pero axiña argallaron algo e ao día seguinte xa estaban na porta da fortaleza.

- Precisamos da súa axuda,



señor.

- ¿Por que debería proporcionárvola?

- Verá, descubrimos que a súa filla foi asasinada.

- Qué?! -exclamou o señor cunha pequena parte de finxida sorpresa e unha gran parte de medo-.

- Sí, foi o ferreiro de San Salvador, precisamos a axuda de todos os seus homes para ir a por el, xa sabe como é...

- Ah, si...Daquela leven a todos os homes que lles fagan falta.

E cando os quince homes que compuñan a garda do señor xa desfilaban

camiño de San Salvador os alguacís volveron e apresárono, el non intentou opoñer moita resistencia.

- ¡Pero! ¿Que están a facer? ¡Eu son o señor destas terras, non me poden encadear.

- Si que podemos, e vostede sábeo. Agora díganos: ¿onde está o seu fillo?

- Estou aquí -de súpeto apareceu unha silueta na

sombra, da que só se vía o brillo dunha espada -non nos levaredes a ningún dos dous. Non quería facelo, crédeme, pero se vos deixo ir falaredes máis da conta, e eu non matei a Inés para rematar na cadea.

- É mellor que se renda...

- Nunca.

Agora si, deixaron ao señor nunha esquina atado a unha mesa e foron por don Carlos. Nun dous contra un era imposible que don Carlos gañase, por moita guerra na que combatera, e case sen rabuñaduras acabaron co asasino nun minuto ou dous. Á hora de quitálos do castelo, non tiveron problemas, pois a garda aínda estaba atarefada en S.Salvador e ninguén quedara, grave erro, polo que os pasearon por toda a vila ante os, primeiro temores e logo gargalladas, dos aldeáns:

- ¡Mira agora para o señor! ¿que, a pasar unha temporada no pazo do Careón? ¿Ou vai uns anos para o cárcere da Coruña?



1441. UN ASASINATO EN ABEANCOS

- ¡Non! Para min que nin alá chega.

- Xa ven o que realmente lles queren por aquí. ¿Prefiren ir uns días para o calabozo de Abeancos ou xa teñen ganas de ir perante o arcebispo?

CAPITULO V

- Ben, señores don Fernando de Castro e don Carlos de Castro, ¿decláranse cómplice e autor do crime de dona Inés de Castro, que Deus a teña ao seu carón?

- Por suposto que eu non fun; eu estaba nas guerras e cheguei aquí moi cansado, ¿a vostede parécelle que eu traía ganas de matar a miña irmá, no lugar de estar con ela e recuperar o tempo perdido?

- O que eu crea non lle importa o máis mínimo, só conteste ao que se lle pregunta. E vostede, ¿admite ser cómplice destes cargos?

- ¡Eu non sabía nada!

- De acordo. Agora pregúntolle á autoridade correspondente da comarca: señores don Xoán e don Antón ¿teñen algún tipo de proba que corrobore a súa acusación?

- Dende logo; en primeiro lugar, logo de observar o corpo da falecida descubrimos indicios na súa lingua de que fora asasinada e, en segundo lugar, atopamos unha cabana na que había medio frasco desa mesma ponzoña, cabana pertencente ao acusado: dende logo, as probas son concluíntes. E xa que vostedes non declaran nada na súa defensa, eu, como



arcebispo de Santiago e máxima autoridade de Galicia condénoos á fogueira. Caso pechado.

E certamente foron queimados, era un día anubado, deses nos que tanto chove como vai calor, e no medio da praza do Obradoiro había dous paus ergueitos. Certamente eran deses paus que ninguén quería ver de cerca, ou dende demasiado cerca.

Cando chegaron os dous reos, unha choiva de pedras e cuspes voou pola fachada principal da catedral para depositarse nas roupas, xa case farrapos, dos condenados e foron queimados vivos perante os ollos de centos, case que miles, pares de ollos brillantes e de caras sorrintes

CAPITULO VI

- ¿E como destes con que o señorito era o culpable de todo? -preguntan dúas esposas orgullosas dos seus maridos-

- Foi moi sinxelo, pero non volo contaremos agora.

E ao final si. Na taberna, onde se contan as boas historias, comezaron a falar e seguiron laretando durante moitas horas. Abofé que ninguén se aburriu aquela noite.

CAPITULO VII

Entón deixei o libro enriba da mesa de estudar e esquecínme del o resto do verán (non me molestei en dicirlles nada aos meus acompañantes do día anterior porque non mo crerían), pero cando me mandaron facer un relato de tema libre, saquei o libro do anel e comecei a escribir o conto que vés de ler, agardo que che gustase e que comeces a interesarte algo máis pola historia da túa vila.

MARIO ROCA. S4A